



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Expte. Nº 4/17-P

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 27 de abril de 2017

Hora: 20:00

Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de acta de sesión anterior (02/17-P).-
 - 2.- Toma de posesión do cargo de concelleiro de D. Alberto Manuel García Cotelo.-
 - 3.- Recoñecemento extraxudicial P2/2017.-
 - 4.- Proposta da Alcaldía sobre instrución de expediente para o outorgamento da Medalla de Ouro do Municipio á entidade ASPACE.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 5.- Informes e comunicacións.-
 - 6.- Mocións.-
 - 7.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario que asina á marxe, na data da sinatura dixital.-

Achégase o borrador da acta da sesión ordinaria do 23/02/2017



NÚMERO 2/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Poral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión de 21-12-2016.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 14/2016, de 21-12-2016, logo de corrixiarse erro consistente na repetición da mención ao grupo PSOE na exposición do punto 7.1.-

2º.- Proposta de inclusión de investimentos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2017”.-

O sr. Tenreiro dá conta da proposta de inclusión de investimentos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa Xeral.-

A sra. Reimundez expón a importancia que ao seu xuízo teñen os investimentos escollidos polo goberno municipal, coma o proxecto de cubrición da pista de Mondego, que obedece á reclamación de espazos cubertos para o disfrute dos cidadáns que o seu grupo fai desde hai anos.-

O sr. Gómez manifesta a aprobación do seu grupo á proposta, coas observacións que fixo no debate da Comisión Xeral.-

A sra. Bolaño refírese ás obras incluídas na proposta, dicindo que se trata de proxectos consensuados polo goberno municipal; celebra o paso dado pola Deputación provincial ao implantar o Plan único, que dá moita máis liberdade aos concellos para xestionar os seus investimentos e resulta máis equitativo na distribución dos fondos.-

O sr. Anido considera que hai outros investimentos tan prioritarios coma estes e que o sr. Alcalde non tivo en conta as propostas do grupo PP, como a relativa ás obras para mellorar a situación do río; di que non se lles deu tempo para analizar os proxectos e que non está de acordo coa forma en que se xestiona este asunto, hai obras como a do pavillón de Mondego, para as que xa se dispuxo fondos fai sete anos; o seu grupo absterase.-

Rematado o debate e efectuada a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	
Subtotal pago a provedores	

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Subtotal gasto corrente	

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Reordenación do entorno	74116,29	0	74116,29
travesías de Pose. Fase I			
Impermeabilización da cuberta e outras obras de conservación e mantemento do pavillón do colexio de Mondego	89968,27	0	89968,27
Obras de conservación e mantemento da Capela de San Roque	60204,18	0	60204,18
Cubrición pista polideportiva en Mondego. Fase I	141280,94	6944,94	148225,88
Subtotal investimentos achega provincial 2017	365569,68	6944,94	372514,62
ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)		Financiamento do investimento	
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Dotación do servizo de saneamento no camiño do Loureiro, entre O Castro e Samoedo. Osedo	61565,71	0	61565,71
Obras de reparación e mellora das instalacións en pozos de bombeo. Sada	76187,81	0	76187,81
Pavimentación do camiño Souto a Lamela. Carnoedo	40000	0	40000
Pavimentación da beirarrúa e mellora de servizos afectados nun tramo da Avda. República Arxentina e na súa 1ª Travesía	47212,44	251,67	47464,11
Subtotal investimentos achega provincial 2016	224965,96	251,67	225217,63
PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017		Financiamento do investimento	
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións nun tramo da Praciña do Conde.	120000,26	0	120000,26
Adquisición camión para o servizo de saneamento	120000,00	0	120000,00
	240000,26	0	240000,26

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	
Subtotal achegas municipais	

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016			
	Achega 2017			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017			



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	365569,68	6944,94	372514,62
	Achega 2016	224965,96	251,67	225217,63
	Préstamo 2017	240000,26	0	240000,26
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017			
	Achega 2016			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017			
TOTAL	Achega 2017			
	Achega 2016			
	Préstamo 2017			
	TOTAL	830535,9	7196,61	837732,51

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reforma e adecuación do centro de formación ocupacional de Osedo	249712,00
TOTAIS	249712

3º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

4º.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.-

5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

7º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.-

3º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos P1/2017.-

Examínase o expediente P1/2017 tramitado para recoñecemento extraxudicial de créditos por gastos executados en exercicios anteriores que por diversos motivos non foron imputados aos orzamentos respectivos, para a imputación ao exercicio corrente daqueles gastos para os que exista consignación orzamentaria, sen prexuízo de que as aplicacións ás que se impute este gasto poidan recuperar ese saldo con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais en canto sexa posible.-

Maniféstanse a favor do ditame todos os grupos agás o PP, por parte do cal intervén o sr. López lembrando que o sr. Alcalde dixo cando se aprobou un recoñecemento xudicial ao comezo do mandato que era algo que non ía volver a pasar ou sería moito menor, que ao non estar aprobada a liquidación de 2016 estas facturas haberán de ser pagadas con cargo a este presuposto, trátase dunha xestión pouco responsable e ineficiente; fai súas as recomendacións do informe de Intervención en relación cos contratos menores e en concreto co subministro eléctrico, sobre o que hai que adoptar medidas porque estase incumprindo a lei desde tempo atrás; analiza detidamente o caso dunhas facturas por subministracións dunha librería dos anos 2004 e 2005, que se presentaron en 2007, que en 2012 un informe considerou prescritas e que despois de trece anos son conformadas por un membro do PDSP e son recoñecidas; o voto do seu grupo será favorable porque consideran que os provedores teñen que cobrar.-

O sr. Alcalde pide o informe do sr. Interventor respecto das facturas mencionadas, informando dito funcionario de que foi detectado un erro na declaración de prescrición das facturas, que as mesmas foron conformadas e que se trata dunha obriga municipal que de non ser atendida pode dar lugar ao exercicio de accións xudiciais contra o Concello.-



O sr. Gomez lembra que o sr. López era concelleiro delegado de Facenda en 2004 e invita a este a que se o considera oportuno leve o asunto á Fiscalía.-

O sr. Alcalde di que o asunto das facturas mencionadas tamén lle estrañou a el e por isto pediu informe a Intervención; está de acordo coa necesidade de dar solución ao subministro eléctrico, asunto que tratará de deixar resolto, se ben concellos con cadros de persoal mais especializados non puideron facelo; pola complexidade do asunto el tomou a iniciativa de propoñer que a futura área metropolitana sexa a que aborde a problemática deste subministro. A práctica totalidade deste recoñecemento de crédito corresponde ao subministro eléctrico e ás subvencións deportivas, que se tardou en tramitar por pasar ao sistema de convocatoria en concorrencia competitiva, e o que el dixera fai seis meses non se aparta da realidade por ser moi reducido o importe deste expediente.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por unanimidade:

Apróbanse os gastos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial P1/2017 polo que se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe global de 237.634,55.- euros.-

4º.- Proposta da Alcaldía sobre regulación de ficheiros municipais de datos de carácter persoal.-

O sr. Alcalde di que como anunciara en xaneiro, como resultado da auditoría sobre protección de datos de carácter persoal tráese este novo regulamento dos ficheiros municipais de datos, co que posiblemente este é un dos primeiros concellos en adaptarse respecto disto á nova Lei de Procedemento Administrativo.-

Tras manifestarse a favor do ditame todos os grupos, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento municipal dos Ficheiros de Datos de Carácter Persoal, que derroga ao modificado en sesión plenaria de 28-11-2013.-

2º.- Expoñer ó público dito Regulamento mediante anuncios no Taboleiro de Edictos e Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións polos interesados.-

3º.- No caso de non producirse reclamacións no prazo antes sinalado, entenderase aprobado definitivamente o Regulamento sen necesidade de novo acordo.-

4º.- Aprobado definitivamente e publicado o Regulamento, notificarase á Axencia Española de Protección de Datos os ficheiros automatizados obxecto do mesmo, na forma establecida polas disposicións vixentes.-

5º.- Proposta da Alcaldía para declarar o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro.-

O sr. Alcalde considera que esta proposta é un pequeno homenaxe para unha figura da importancia de Rosalía Castro, que destaca non só no eido literario senón como anticipada ao seu tempo polo seu pensamento feminista e a súa preocupación pola situación da muller e por outras diversas cuestións sociais coma o drama social da emigración, polo que cómpre reivindicar a figura da Rosalía poeta pero tamén da escritora rebelde e feminista. Na mesma liña interveñen a sra. Reimúndez, que anuncia a realización de actividades para divulgar a obra de Rosalía e resalta o pulo que esta escritora deu á lingua galega. A sra. Bolaño manifesta o acordo do seu grupo con esta proposta, pois actividades deste tipo serven para visibilizar a cultura galega. O sr. Anido destaca o traballo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que tamén se puxo en contacto co seu grupo. O sr. Alcalde di que a iniciativa partiu de dita asociación, se ben a proposta que aquí se trata pon de manifesto mais aspectos da figura de Rosalía Castro que o literario.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por unanimidade:

1º.- Declarar o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro no Municipio de Sada.-

2º.- Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra desta escritora que impliquen ao conxunto da poboación deste concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.-

6º.- Proposta da Alcaldía de solicitude á Xunta de Galicia de revisión da avaliación e planificación dos riscos de inundacións no Municipio de Sada.-

Introduce o asunto o concelleiro delegado dos servizos de Urbanismo e Emprego, sr. Montouto, explicando o contido da proposta e o concepto legal de área de risco potencial significativo de inundación, ou ARPSI; critica o sr. Montouto a actuación da sra. Salorio na Comisión de Obras Pública do Parlamento de Galicia, na que se rexeitou polo voto do PP a cualificación de Sada como área de risco potencial de inundación e na que dita concelleira fixo afirmacións e empregou argumentos que considera alleos á realidade. Considera sabido que protexer a Sada das inundacións non é cousa de abrir e pechar trampillas, senón de facer as obras e infraestruturas necesarias para unha solución estable e duradeira. Incluír a Sada no mapa de riscos é un primeiro paso para isto e debe ser aprobado unanimemente.-

A sra. Bolaño considera as aludidas declaracións da sra. Salorio difíciles de xustificar, negan incluso en declaracións á prensa o dito polo goberno galego, que atribuíu as inundacións a un fenómeno adverso e dixo que era un erro buscar culpables; opina que ao PP válelle que se fagan as infraestruturas mentres non as pague unha administración xestionada polo PP. Votarán a favor da proposta.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

O sr. Anido di que o seu grupo vaise abster, entende que isto é unha barbaridade porque limita moito as posibilidades futuras para os veciños, dará lugar a limitación de usos e de desenvolvementos urbanísticos, e os veciños dalgúns edificios acharán que os seguros non se queren facer cargo. Nunca ningunha administración, nin

o POL nin o PXOM dixeron nada de constituír en Sada unha ARPSI. O concelleiro pide á Presidencia que se respecte o seu dereito a intervir sen ser interrompido polos comentarios que se producen entre o público ou membros doutros grupos. Roga que o Concello actúe sen hipotecar o futuro de Sada, redactando por exemplo o proxecto dos ovoídes.-

O sr. Suárez considera que a sra. Salorio, sadense de nacemento, debe actuar en función de argumentos propios; considera que ao PP o que lle preocupa e que se limiten futuros desenvolvementos urbanísticos.-

A sra. Bolaño considera incoherente que o voceiro do grupo PP diga que vaise negar á declaración de ARPSI e ao mesmo tempo anuncie a abstención do seu grupo

O sr. Montouto aclara que a declaración de ARPSI referirase só a área susceptible de inundacións e non regula os usos urbanísticos; a realización de proxectos de obras hidráulicas é competencia do Ministerio de Medio Ambiente e de Augas de Galicia, non pode o Concello asumir as competencias doutras administracións que ademais teñen moitas máis posibilidades económicas.-

O sr. Anido di que se absterán porque este é un criterio técnico; desenvolvementos urbanísticos son por exemplo os aparcamentos, centro de saúde, etc. e se pregunta se isto é malo; o goberno o único que fixo é instar a todo o mundo, pero despois dun ano hai que empezar a facer algo, como a substitución dos ovoídes, coa que están de acordo, e para isto hai que facer o proxecto técnico correspondente.-

O sr. Alcalde di que este non é un punto de carácter técnico, trátase de solicitar que a administración competente incoe o expediente para revisar a situación de Sada respecto do risco de inundacións, porque a realidade o demanda; fala das iniciativas e xestións efectuadas ata o momento; considera que é necesaria a declaración de ARPSI para que teñan carácter prioritario as obras hidráulicas que Sada necesita; fala da imposibilidade e inconveniencia de determinadas actuacións urbanísticas como por exemplo un aparcamento subterráneo en zona que se pode inundar. Menciona un traballo de Augas de Galicia no que se fala de acontecementos climatolóxicos adversos e da necesidade da revisión periódica da cualificación das zonas susceptibles de riscos. Non admite que se poña en dúbida a actuación do goberno municipal respecto das inundacións e relata todo o labor realizado ata o momento, dicindo que pode dar unha lista de actuacións efectuadas de oito folios, con moitas cousas que outros non fixeron nunca, suplindo a veces incluso a inactividade doutras administracións.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Solicitar de Augas de Galicia que, á maior brevidade posible, proceda a incoar e tramitar de conformidade co Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, e para a súa posterior aprobación pola Xunta de Galicia e o goberno do Estado, unha modificación puntual do Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia - Costa, aos efectos de delimitación en Sada dunha área de risco potencial significativo de inundación, ARPSI, con inclusión do correspondente programa de medidas e conxunto de actuacións asociadas ao mesmo, así como a súa atribución ás administracións competentes.-

2º.- Dar traslado deste acordo á Consellaría de Medio ambiente e ordenación do territorio, Augas de Galicia, así como aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.-

3º.- Facultar ao Alcalde para a execución e cumprimento do presente acordo.-

7º.- Proposta da Alcaldía sobre solicitude ás Administracións competentes da realización das obras hidráulicas necesarias para prevención e protección fronte a inundacións no municipio de Sada.-

A Presidencia somete o asunto a deliberación, intervindo o sr. Montouto cunha detallada exposición do réxime de competencias das distintas Administracións para a realización de obras hidráulicas establecido na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e na Lei de Augas de Galicia, que atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva para a planificación e xestión das obras hidráulicas que non sexan de interese xeral. O que o Concello solicita é que cada administración faga o que lle corresponda, e neste sentido xa se propuxo a realización dun convenio en marzo de 2016. Fala das obras necesarias para evitar asolagamentos ás que se refire a proposta da Alcaldía, que son as que se indican no estudo realizado por EMALCSA e a Universidade de A Coruña, e solicita a unanimidade da Corporación neste asunto.-

Maniféstanse a favor da proposta os grupos PSOE, PDSP e BNG. Polo grupo PP a sra. Salorio intervéñe dicindo que o que vai expoñer aquí recolle parte do contido da súa intervención na Comisión do Parlamento de Galicia. Afirmar que a inundación de marzo de 2016 debeuse a un atasco e falta de previsión, non a causas naturais, non se abriron a tempo as trampillas, que non son a solución pero axudan e faltou resposta por parte dos



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

responsables municipais, ao non tomarse as precaucións adecuadas houbo unha inundación desproporcionada ás inclemencias meteorolóxicas dese día. A urbanización mal realizada das Brañas e a canalización do Río Maior non autorizada por Augas de Galicia son causa do problema, e a responsabilidade da autorización desas obras que non se axustaron ao proxecto é dos sres. Rodríguez Ares e Gómez López, non das siglas ás que pertencían

daquela. Continúa criticando a actuación do goberno municipal en 2008, con motivo do Plan E, explica os motivos do seu voto na Comisión do Parlamento de Galicia, considera necesario que o goberno municipal presente proxecto das obras a realizar, como fixo o sr. Anido para solicitar a rexeneración da praia, e que o sr. Alcalde lidere como tal esa xestión que implica a varias institucións que haberá que coordinar cun proxecto detallado; o seu grupo apoiará a proposta sempre que se inclúa no punto 3º dela o proxecto de urbanización das Brañas, o histórico dos ovoídes e o estado de todas as instalacións existentes, ademais de facultar ao sr. Alcalde para encargar a redacción do proxecto e para solicitar axudas das distintas administracións.-

O sr. Alcalde aclara que o que fixo sobre a praia o sr. Anido foi pedir un estudo que redactou o GEAMA, e logo Costas de Madrid redactou o proxecto da obra e iniciou a contratación, é dicir exactamente igual que fixo el co estudo de EMALCSA.-

O sr. Becerra di que grazas ao FEIL se fixeron o Centro de Día e a Escola Infantil, e pregúntase se a Xunta vai asumir as súas responsabilidades ou mirará para outro lado, porque esta é unha cuestión estritamente competencial.-

O sr. Gómez aclara que a canalización do Río Maior fíxose no ano 1974 sendo alcalde Nicolás Blanco, con autorización da Confederación Hidrográfica, organismo competente anterior a Augas de Galicia; a moción sobre o Plan E e a canalización do río aprobouse indebidamente e non podía realizarse porque se trataba de obras non autorizables por dito plan cuxa norma reguladora admitía só obras de competencia municipal.-

A sra. Bolaño opina que a sra. Salorio falou só dela pero de Sada moi pouco, esquecendo que no Parlamento Galego votou a favor dun Orzamento con cero euros para Sada, a pesar de que había emendas ao mesmo; o grupo PP na súa recente moción para evitar inundacións instaba unha serie de peticións pero non falaba de presentar proxecto, Augas de Galicia é a administración que ten que redactar o proxecto asumindo a súa competencia, e o concello ofrece toda a súa colaboración.-

O sr. Montouto di que en relación coa afirmación da sra. Salorio de que antes non existía o problema das inundacións en Sada, quere lembrar noticias aparecidas no seu día na prensa diaria, das que dá lectura, sobre inundacións en Sada e evacuación de familias en balsas e obras realizadas pola Xunta ao respecto en 1995.-

A sra. Salorio di que o traballo feito por EMALCSA é só un estudo, sen valoración nin presuposto; que sempre foi o concello o que entrevistou na canle do río e que nesta cuestión hai varias administracións implicadas que deben ir reflectidas no proxecto que as coordine, o Concello non só debe colaborar, senon tomar a iniciativa e ser quen as coordine.-

O sr. Alcalde, con base nos datos da propia páxina web de Augas de Galicia, reitera que os concellos só teñen competencia en abastecemento de auga, saneamento e depuración, o encauzamento e o resto das obras é exclusivo de Augas de Galicia. Os datos que manexan os propios membros do grupo PP demostran que nas inundacións non houbo falta de previsión, senón insuficiencia das infraestruturas existentes para dar saída ao caudal de auga que pasaba, con trampillas abertas incluídas; informa da carta que enviou o 11 de maio coas achegas dos grupos nos plenos de marzo e abril, incluídas as mocións do PP, e co ofrecemento de completa colaboración municipal no ámbito da súa competencia, carta que ata agora non obtivo resposta e que procede a ler, dicindo a continuación que hoxe estamos na mesma situación, solicitando a través desta proposta o mesmo, que cada Administración asuma a súa responsabilidade, a Xunta ten que facer o que lle corresponde por lei, non o que mendigue o Concello.-

A sra. Salorio concreta os termos da emenda do seu grupo, que é rexeitada por sete votos a favor e dez en contra. Acto seguido sométese a votación o ditame da Comisión Xeral, quedando adoptado por maioría, con dez votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, como órgano competente na materia, ante o perigo que supón un novo risco de asolagamento para a seguridade das persoas, os bens e a protección do medio ambiente, a subscripción dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sada que estableza a planificación, programación, prazos, financiamento e execución das obras necesarias para evitar asolagamentos na vila de Sada, consonte ao previsto 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao Decreto da Xunta de Galicia nº 59/2013, do 14 de marzo, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas e demais disposicións legais de aplicación.-

2º.- Comunicar a presente resolución igualmente ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino e ao Ministerio do Interior da Administración Xeral do Estado, para os efectos previstos no RD 903/2010, de



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

avaliación e xestión de riscos de inundación e no Texto Refundido da Lei de Aguas aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.-

3º.- Remitir para os efectos anteriores aos ditos organismos unha copia do estudo elaborado pola Universidade da Coruña e a Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA), co fin de que se proceda a súa análise e toma en consideración, co obxecto de orientar a execución das actuacións necesarias para evitar

asolagamentos na vila de Sada, sen prexuízo doutras alternativas que os ditos organismos competentes poidan considerar.-

4º.-Facultar ao sr. Alcalde para a realización de todos os actos e trámites que procedan en execución deste acordo.-

Control de Órganos de Goberno:

8º.- Informes e comunicacións.-

- A sra. Reimundez di que ao ser esta a sesión plenaria máis próxima á celebración o vindeiro 8 de marzo do Día Internacional da Muller Traballadora, como concelleira de Igualdade considera importante facer unha breve aproximación ao significado desta data, e dá lectura á unha comunicación ao respecto.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 23-1-2017 a 19-2-2017.-

9º.- Mocións.-

Non se presentaron mocións de urxencia.-

6º.- Rogos e preguntas.-

A sra. García Freire presenta os seguintes rogos e preguntas:

1) Fai mención á moción do seu grupo sobre deficiencias do alumado que foi rexeitada polo Pleno, para facer o rogo de que a Alcaldía proceda a arranxar as deficiencias do alumado porque isto é urxente para os veciños.-

2) Pregunta sobre o estado de tramitación da participación municipal no Programa de Vivendas baleiras, sendo informada polo sr. Montouto das xestións efectuadas co Instituto Galego da Vivenda e Solo e a elaboración das bases da convocatoria, estando próxima a súa aprobación por resolución da Alcaldía para poñer en marcha o programa.-

3) En relación cunha coincidencia para a utilización da Casa da Cultura entre o colexio Sada y sus contornos e o instituto Isaac Díaz Pardo, pregunta se o erro xa foi reparado ou vai quedar o colexio sen o seu tradicional acto de Entroido na Casa da Cultura; informa a sra. Bolaño do erro da axenda da dirección da Casa da Cultura que motivou a coincidencia de dous eventos no mesmo día e o traslado a outra data do acto do colexio.-

O sr. Tellado di que o sr. Alcalde se dirixiu a el en ton intimidatorio recentemente nunha cafetería, en relación cun comentario seu nas redes sociais e roga que sexa esa a última vez que se conduce desa forma cos membros do seu grupo; o sr. Alcalde nega taxativamente que se dirixira ao sr. Tellado en ton intimidatorio.-

O sr. López pregunta que medidas se adoptaron o se van a adoptar para executar a sentenza sobre o horario dunha traballadora da Biblioteca e se vai cambiar o horario de retirada de libros. A concelleira sra. Pardo informa de que se acatou a sentenza sobre o horario de dúas traballadoras e de que hai numerosas solicitudes para que se amplíe o horario de tarde, pero non o de mañá, e de que non se vai cambiar o horario da Biblioteca.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-